

O SABOR DA AVENTURA! ESTÁ NO MAR!

LONXA

OS ARROASES

A SÚA SEGUNDA AVENTURA
A DISTRIBUCIÓN E A VENDA DE PEIXE

XUNTA DE GALICIA



EDITA: Xunta de Galicia.

Texto: Antonio Sandoval Rey

Ilustracións: Nicolás Fernández Prímola

Depósito legal: C 1090 - 2015



OS ARROASES

*A SÚA SEGUNDA AVENTURA
A DISTRIBUCIÓN E A VENDA DE PEIXE*

XUNTA DE GALICIA.
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Santiago de Compostela
2015

Aquel día Luís convidou os Arroases a visitar con el a lonxa de peixe do porto no momento da poxa. Resultou ser moi divertido! Os vendedores ían amosando nunha gran pantalla o prezo de cada lote de peixe, baixándoo aos poucos. Cada un dos compradores tiña na man un mando a distancia co que deter esa “conta atrás” no prezo que lle conviña. O primeiro comprador en mercar así era quen quedaba co lote, así que os demais tiñan que estar moi atentos para non ficaren sen produto!

MIBARCA
MERLUZA 3 CAJAS 22 K
5 €





o rematar a poxa, Luís presentou o seu bo amigo Martiño aos Arroases. «Martiño é retallista», explicoulles. «Que é iso?», preguntaron curiosos.

Foi o mesmo Martiño quen lles respondeu: «O peixe que os retallistas mercamos na lonxa vendémolo logo directamente aos comercios ou aos restaurantes, e mesmo aos particulares. Os almacenistas, que mercan aquí maior cantidade, subministranllelo despois ás grandes superficies comerciais, aos mercados e a sitios así». «Que interesante!», exclamou Rodaballo. «Ou sexa, que aquí é onde comeza a ruta por terra do peixe que remata nos meus músculos». Todos riron.

«Como vedes», proseguiu Martiño, «cada caixa de peixe que levo a vender ten a súa etiqueta, e algunhas levan tamén unha marca de calidade, como a de "PescadeRías, de onde se non?" Son a garantía de que estes son os mellores produtos do noso mar. Agora van camiño dos mellores padais!»

«Apetécevos acompañarme nesa ruta?», propuxo entón Martiño. «Si!», exclamaron todos compracidos. «Pois axudádeme a coller esas caixas de peixe e vamos á miña furgoneta. Comezaremos por un sitio moi especial».



Aquel sitio tan especial era unha depuradora de marisco. «Todos os moluscos destinados ao consumo en fresco deben pasar por un proceso de depuración», explicoulles Martiño. «Durante ese proceso, límpanse de posibles cargas microbianas, de xermes e de bacterias, e dos seus propios residuos orgánicos, co fin de que sexan aptos para o consumo. Unha vez ben limpos, xa se poden levar aos puntos de venda. Nós imos levar unhas caixas de mexillóns para vender. Estes, que se cultivan en bateas, non se poxan nas lonxas. Botádeme unha man, que teño un pouco de présa! Hoxe vai acontecer algo moi importante na miña familia...».

pescadeRías
¿de onde se non?

MEXILLÓN DE
GALICIA



Denominación de
Orixe Protexida



Xusto nese momento soou o móbil de Martiño. Respondeu á présa. Parecía ledó e preocupado á vez. «Vaites!», exclamou ao colgar, «A cousa adiántase!» «Pero que ocorre?», preguntou inquedo Luís o Capitán. «Pois acontece que... Hoxe a miña muller vai ter un bebé!» Todos se alegraron moito e déronlle os seus parabéns mentres lle axudaban a cargar as caixas de mexillóns na furgoneta. Pero Martiño estaba moi pensativo. «Non sei se me dará tempo a rematar o traballo e a chegar a tempo ao hospital...», comentou á fin. A resposta dos Arroases foi moi rápida: Martiño podía marchar ás carreiras xunto á súa familia. Eles e Luís acabarían de repartir o peixe e o marisco. Martiño deulles as grazas e saiu da depuradora a fume de carozo.





amiño do mercado, Luís o Capitán e os Arroases ían cantando cantigas mariñeiras:

«Non cases cun ferreiro
que é moi malo de lavar.
Casa cun mariñeiro
que vén lavado do mar»

«Os mariñeiros traballan
de noite coa luz da lúa.
Dá gusto velos chegar
pola mañá cedo
cheirando a frescura»

E moitas outras... O recendo fresco do peixe xa lles ía abrindo o apetito. Pero aínda quedaba traballo por facer!

NON CASES CUN FERREIRO
QUE É MOI MALO DE LAVAR.
CASA CUN MARIÑEIRO
QUE VEN LAVADO DO MAR

OS MARIÑEIRO TRABALLAN
DE NOITE COA LUZ DA LÚA.
DÁ GUSTO VELOS CHEGAR
POLA MAÑÁ CEDO
CHEIRANDO A FRESCURA



Chegades un pouco tarde!», rifoulles Sabela a peixeira cando chegaron ao mercado, «a ver como vendo eu agora todo iso...! E onde está Martiño?» Os Arroases explicáronlle que estaba a piques de ter un bebé e que por iso viñan eles no canto del. E que durante a viaxe, por iren cantando, Luis o Capitán trabucárase de estrada. «Eu son mariñeiro de mar, non de terra!», escusouse Luís. «Pero non se preocupe, peixeira», intervén entón Troita, «Nós axudaremoslle a vender todo isto. Xa verá!».




Elix
pescadeRías

Elix
pescadeRías


Elix
pescadeRías

Rodaballo vendeulle enseguida un rodaballo a un profesor de ximnasia.
O rodaballo contén potasio, moi importante para enviar o impulso aos nosos músculos!




RODABALLO





Troita atopou unha socorrista de praia. "O que ti precisas é troita!", explicoulle, "contén retinol, ou sexa, vitamina A, fundamental para manter unha excelente vista!"



TROITA


Cando Xurelo viu aquel pallaso no mercado non tardou en venderlle uns xurelos. A súa niacina, que é vitamina B3, favorece o noso bo humor. "Vou mercar algúns máis para os nenos do hospital onde traballo!", explicoulle compracido o pallaso.



XURELO



Pescada convenceu un matrimonio maior de que o mellor xeito de ter enerxía era comer pescada, pois contén tiamina (vitamina B1), moi importante para que o noso organismo produza enerxía.



PESCADA





Sardiña sorprendeu moito a unha rapaza que viña de correr. “A sardiña contén cobalamina”, explicoulle, “ou sexa, vitamina B12. Como favorece o metabolismo do sistema nervioso, fainos ter máis forza”.



SARDIÑA

A


o ver aquela mamá rodeada de nenos, Lirio soubo o que precisaba: acougo. Así que a convenceu para mercar lirio.



LIRIO



Tras decatarse de que aquel home era informático, Mexillón conseguiu venderlle unha bolsa de mexillóns. O seu iodo é fundamental para o noso desenvolvemento físico e mental.



MEXILLÓN

pescadeRías

¿de onde se non?

A


venda foi todo un éxito,
e Sabela a peixeira ficou
encantada.



MEXILLÓN DE
GALICIA




Denominación de
Orixe Protexida

n tempo despois, os Arroases e Luís foron á casa de Martiño a coñecerlle o bebé. «Moitas grazas outra vez pola vosa axuda aquel día», díxolles Martiño, «De non ser por vós non sei como faría». «Para isto estamos os amigos! Hoxe por ti, e mañá...», respondeulle Rodaballo mentres levaba á boca un grande anaco de peixe. Todos riron. «Trouxémoslle un agasallo para o bebé Martiño», anunciou entón Troita.





agassallo era un chupete en forma de peixe!



OS ARROASES


OS ARROASES SON UNHA CUADRILLA DE 7 NENOS E NENAS QUE COÑECEN MOI BEN A IMPORTANCIA DE COMER PEIXE. CADA UN DELES TEN UN "SUPERPODER" VENCELLADO A CADA UNHA DAS ESPECIES QUE SE VAN REPARTIR NOS CENTROS ESCOLARES NO MARCO DESTA CAMPAÑA (SARDIÑA, XURELO, RODABALLO, MEXILLÓN, TROITA, LIRIO, PESCADA).

OS ARROASES DETECTARON DESDE HAI UN TEMPO QUE A OUTROS NENOS E NENAS NON LLES GUSTA MOITO O PEIXE, E ESTÁN DISPOSTOS A FACER QUE AS COUSAS CAMBIEN. OS SEUS SUPERPODERES PODEN SER COMPARTIDOS POR TODOS ELES!

PARA ISO PÓÑENSE EN CONTACTO CUN PESCADOR, LUÍS, E CUNHA COCIÑEIRA, DONA MARÍA. COA SÚA AXUDA, TEÑEN A IMPORTANTE MISIÓN DE FACER CHEGAR A SÚA MENSAXE A TODOS OS COLEXIOS.

O FINAL DA AVENTURA TEN LUGAR PRECISAMENTE ALÍ, NOS COLEXIOS!

WWW.OSABORDAAVENTURAESTANOMAR.NET



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE PESCA

INVESTIMOS NA PESCA SOSTIBLE



XUNTA
DE GALICIA